



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 40)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as nove horas e trinta minutos do día **quince de outubro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de outubro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- DECLARACIÓN DE GOBERNO NO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES RURAIS.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que a continuación vai dar lectura á Declaración Institucional de Goberno con motivo do Día Internacional das Mulleres Rurais, e que textualmente di o seguinte:

“Dende a Deputación Provincial de Lugo, sumámonos á conmemoración do 15 de outubro, Día Internacional das Mulleres Rurais, renovando o noso compromiso coa igualdade de dereitos e oportunidades das persoas, sen distinción de xénero ou lugar de residencia. E aproveitamos este día para lembrar, unha vez máis, a necesidade de poñer en marcha actuacións que melloren as condicións de vida das mulleres no rural, algo especialmente necesario nunha provincia como a de Lugo, na que este marco socioxeográfico ten un peso tan importante.

Estas accións de mellora pasan por garantir a universalidade dos servizos públicos gratuítos e de calidade nos entornos rurais. Educación, Sanidade e Servizos Sociais son ferramentas que cumpre poñer ó servizo dunha aposta realista pola igualdade, especialmente no eido rural.

A concepción tradicional da sociedade, tan presente no rural, atribuíu ás mulleres o coidado do fogar, dos nenos, das persoas enfermas ou dos e das maiores, limitando así os seus proxectos



vitais. A taxa de alfabetización era menor, as súas posibilidades de estudar, traballar ou desenvolver unha vida independente, moi limitadas.

A chegada do Estado do Benestar abriu novas perspectivas para as mulleres do rural na Europa da segunda metade do século XXI. Pero para que esas perspectivas se manteñan, cumpre velar polo desenvolvemento efectivo dese sistema no eido rural. Porque a carencia de servizos públicos, o recorte dos mesmos ou o seu funcionamento ineficaz, afectan dun xeito especial ás mulleres, que se ven, de novo, abocadas a asumir as funcións que o Estado deixa de cubrir. E cumpre lembrar que esta situación ten un impacto importante no éxodo de poboación do rural. Dúas de cada tres persoas que abandonan unha aldea son mulleres, que buscan nas cidades maiores prestacións públicas e mellores ofertas de emprego.

A pandemia da Covid tivo un inesperado efecto positivo, no sentido de botar unha nova mirada acerca dos estilos de vida e as potencialidades do rural. Dende a Deputación de Lugo vimos desenvolvendo políticas que achegan os servizos públicos no rural e que promoven o mantemento e a captación de emprego, con especial atención ás necesidades das mulleres e tamén da poboación máis nova. Pensando en que a combinación de emprego de calidade e servizos públicos é a grande aposta pola igualdade real para as mulleres do rural.

Por iso, renovamos hoxe o noso compromiso coas políticas de igualdade, ao tempo que recoñecemos o papel esencial das mulleres á hora de frear a despoboación e o envellecemento das nosas vilas, aldeas e pobos, de poñer en valor as capacidades produtivas do rural e de manter a nosa cultura tradicional.

Reiteramos o noso compromiso de seguir impulsando a aplicación da perspectiva de xénero nas políticas locais, ó tempo que seguiremos traballando na promocións de programas de fomento do emprego feminino e conciliación familiar que permitan avanzar na consolidación da igualdade plena no rural.

Unhas políticas para as que reclamamos tamén a achega orzamentaria suficiente que permita ós concellos desenvolver as competencias nesta materia e garantir o mandato constitucional de igualdade de dereitos e oportunidades en todo o territorio da nosa Provincia”.

A Declaración Institucional anteriormente transcrita é aprobada por aclamación

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REPARACIÓNS E MANTEMENTO DE TRACTORES E MAQUINARIA DA GRANXA GAIOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de setembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ES4KY3DX2527OYZFRA4RXGE.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7ES4KZBQ7NJ3BTDUMBN5IOCM.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7ESCBIGEB6LLJCBXWX55QCEQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7ESPP7LEWKVDGJWTXQEZRMI.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7ETSQZBJX2V2ZTAIIEIMZABY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ETW2ZYFR2TVETWUOQJYPDPY.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7E4SDKJTW23RHT457T6U26DY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xuño de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7E433OZ5Z2XOOJ63YUKRQQC4.

Acta da Mesa de Contratación do día 22 de setembro de 2021, con CSV: IV7FQ6DSN75CZ7OI2YNBKEKRB4 que recolle as seguintes consideracións:



“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación dos servizos de reparacións e mantemento de tractores e maquinaria da granxa gaioso castro. 2021/CON02/000049.

Primeiro.- Dar conta da documentación requirida ao licitador pola mesa do 12 de xullo sobre aclaración respecto dos prezos de man de obra presentados na súa oferta.

Segundo: Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Primeiro.- Dar conta da documentación requirida ao do licitador pola mesa do 12 de xullo sobre aclaración respecto dos prezos de man de obra presentados na súa oferta.

Deuse conta que, segundo o requirimento efectuado ao único licitador Doval Maquinaria S.L., presenta en prazo a aclaración solicitada na que “alega un erro nos prezos presentados de man de obra na oferta. E acepta respectar os prezos indicados no Prego de Prescricións Técnicas, sendo o precio máximo cobrado por reparación 35€+IVE/hora.”.

Tamén se deu conta que, solicitado informe ao órgano xestor éste foi favorable respecto da aclaración e da documentación presentada polo licitador:

“...

despois da resposta ao requirimento efectuado ao licitador en relación aos prezos da man de obra, dende este Servizo considérase que se axusta ás condicións dos pregos polo que procede continuar cos trámites oportunos..”

Segundo.- Mellor valorado – Requirimento de documentación

A Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do sector público as puntuacións totais recollidas na Acta da Mesa do 12 de xullo e adoptar os seguintes acordos:

Clasificar ás licitadoras admitidas atendendo a orde de prelación segundo a oferta máis baixa:

LICITADOR ÚNICO	OFERTA ECONÓMICA % SOBRE O PREZO (PEZAS E MAN DE OBRA) (IVE NON INCLUÍDO)
DOVAL MAQUINARIA, S.L.	5%

Requirir á Doval Maquinaria, S.L., no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, por Doval Maquinaria S.L. de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 29 de setembro, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que non foi preciso requirir a documentación ao licitador Doval Maquinaria, S.L., posto que se puido extraer da consulta efectuada no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), na Axencia Tributaria Estatal (AEAT), na Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) e na Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación consultada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a documentación consultada de Doval Maquinaria, S.L. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Doval Maquinaria, S.L., con CIF: B27481043, a contratación dos servizos de reparacións e mantemento de tractores e maquinaria da Granxa Gaioso Castro por importe máximo de 12.396,69 euros, aos que se engadirán 2.603,31 euros en concepto de IVE, o



que ascende a un total de 15.000,00 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 5 % sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Doval Maquinaria, S.L. a contratación dos servizos de reparacións e mantemento de tractores e maquinaria da Granxa Gaioso Castro por importe máximo de 12.396,69 euros, aos que se engadirán 2.603,31 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 15.000,00 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 5 % sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

Financiándose de acordo as seguintes anualidades:

APLICACIÓN	TOTAL (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2021 (sen IVE)	RC/21	ANUALIDADE 2022 (sen IVE)	RC/22
4120.213	15.000,00	6.198,34	22021/17070	6.198,35	220219/280

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 6.198,34 € (máis IVE), para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

2º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O SAVIÑAO.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-5811 “Torno (LU-P-4201) – Gorgozo (LU-617)”, P.K. 0+000 a 3+814.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O SAVIÑAO.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-5811 “Torno (LU-P-4201) -Gorgozo (LU-617)”, P.K. 0+000 a 3+814, consta no mesmo:

Proxecto da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-5811 “Torno (LU-P-4201)- Gorgozo (LU-617)”, P.K. 0+000 a 3+814, con CSV: IV7FRWBZGBPNUECVRYEL5TCGU.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FRWBNZJMDWWV5AYMCN3TF6Y.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7FRWKILEWO7CX37T5QJZTP4Q.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7FRWBDFJHJJOVPAEHF5ZRBHY.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7FSSB7FEN6RBO5QRVAGUSH6U.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7FSKBPJVN5XPGKQMUEKJQVIE.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FSKB7D5E53GZ7W4NHJ3R654.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O SAVIÑAO.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-5811 “Torno (LU-P-4201)- Gorgozo (LU-617)”, P.K. 0+000 a 3+814, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 209.342,75 €, dos cales 36.332,21 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de setembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HEH2MDU43RC7D23XSCXSRI4¹.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova, redactado polo Arquitecto D. Jesús Bouza Fernández.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7GQTXOPA5CZW4TU5XHM3QDC4 e IV7GTQLND5B67WMLYAPHOYDUAQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7EVSD3NFWDL7ZZQ5YQOU2DEI.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7EVSDZFHZN7HFNQMPCCYSA74

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EVSKIHER64RN343URCQYACA.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 14/05/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EVUBYLMO2TJO4CAMUGMSF44.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Publicación, o día 14/05/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 14/06/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios cualitativos, cuantificables mediante xuízo de valor (sobre B), con CSV: IV7ESPP4OA4MSTMPDXXTEU3EEA.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación. Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, acordando a mesa remitila ao Servizo de Arquitectura a fin de que proceda á valoración dos criterios cualitativos, cuantificables mediante xuízo de valor de acordo ao indicado no PCAP.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 24/08/2021, para dar conta do informe do Servizo de Arquitectura, relativo á valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor, con CSV: IV7EGWDIFVZ6LVEYZUUEHCJ3OIE, e do que resultan as seguintes puntuacións:

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC. "A"	PUNTUACIÓN CRITERIOS XUIZO DE VALOR: PUNTUACIÓN *				TOTAL PUNTOS CRITERIOS XUIZO VALOR
		ELABORACIÓN MODELO BIM (15)	MANTENIMIENTO BIM (5)	SEGUIMIENTO A TRAVÉS DE IMAXES (15)	EXPERIENCIA E DEDICACIÓN (5)	
1 UTE: CONSTRUCCIONES ALEA SL-INDUPAVI SL		9,50 €	0,00	5,50	0,00 €	15,00 €
2 CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL		5,50 €	1,50	12,00	2,00 €	21,00 €
3 CONTRATAS VILOR SL		11,00 €	5,00	7,50	3,00 €	26,50 €

A continuación, procedeuse á apertura do arquivo dixital (sobre c), que contén as proposicións económicas para a licitación, co seguinte resultado:

A PONTENOVA.- CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES (CAM) DE A PONTENOVA

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

1.997.861,25	
1.816.237,50	181.623,75 DE IVE (partida independente)
C-2-4	
18 MESES	

EMPRESAS / (GRUPO)	(A) PRECIO (50)		(B) MEJORAS (10)		CRITERIO DESEMPATE
	PREZO (IVE incluído - art 102)		REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN (MAX 3 MES) 5	INCREMENTO CONTROL DE CALIDADE ATA (18.000 IVE INCLUIDO) 5	
1 UTE: CONSTRUCCIONES ALEA SL-INDUPAVI SL	1.990.668,96 €		5,00	18.000,00	40 / 0
2 CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL	1.977.569,00 €		5,00	18.000,00	13 / 0
3 CONTRATAS VILOR SL	1.995.862,00 €		5,00	18.000,00	92 / 0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra e tendo en conta as puntuacións obtidas nos criterios cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	PUNTUACIÓN CRITERIOS XUIZO VALOR	PRECIO (50)		MEJORAS (10)				TOTAL
		Oferta	Ptos	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN MAX 3 MESE (5)	Ptos	INCREMENTO CONTROL CALIDADE (5) max: 18.000	Ptos	
1 UTE: CONSTRUCCIONES ALEA SL-INDUPAVI SL	15	1.990.668,96 €	17,72	5,00	5,00	18.000,00 €	5,00	42,72
2 CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL	21	1.977.569,00 €	50,00	5,00	5,00	18.000,00 €	5,00	81,00
3 CONTRATAS VILOR SL	26,5	1.995.862,00 €	4,93	5,00	5,00	18.000,00 €	5,00	41,43

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
1	UTE: CONSTRUCCIONES ALEA SL-INDUPAVI SL		Oferta
2	CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL		1.990.668,96 €
3	CONTRATAS VILOR SL		1.977.569,00 €
			1.995.862,00 €

MEDIA 1.988.033,32
BAIXA DESPROPORCIONADA 1.789.229,99
10% ARRIBA 2.186.836,65

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:



EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL	81,00
2	UTE: CONSTRUCCIONES ALEA SL-INDUPAVI SL	42,72
3	CONTRATAS VILOR SL	41,43

Requirir á empresa Construcciones Jesús Naray SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 89.889,50 euros, que supón o 5% do importe de adxudicación (Sen IVE), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 01/09/2021, con CSV: IV7FUACCBM6KZC64CRNDEISUGE, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Jesus Naray SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 02/09/2021, rematando o prazo de presentación o día 16/09/2021. A mercantil Construcciones Jesus Naray SL, presentou a documentación requirida o 15/09/2021 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 29/09/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Jesus Naray SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Jesus Naray SL con C.I.F. B-27156231 representada por D. María Josefa Rodríguez Paleo con DNI ****0733**, a contratación da obra denominada A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova nos termos seguintes:

Prezo de adxudicación de 1.977.569,00 €, dos cales 179.779,00€ corresponden ao IVE (10%).

Redución do prazo de execución de 3 meses sobre o previsto no proxecto, e dicir executar as obras no prazo de 15 meses.

Un incremento do plan de control de calidade por importe de 18.000,00€ (IVE incluído).

Elaboración dun modelo BIM, nos termos indicados no PCAP e na oferta.

Mantemento do modelo BIM, nos termos indicados no PCAP e na oferta.

Sistema de seguimento a través de imaxes, nos termos indicados no PCAP e na oferta.

Cumprimento dos termos ofertados en relación coa cualificación, experiencia e dedicación a pe de obra do persoal a cargo do desenvolvemento da mesma recollida no PCAP.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o cumprimento da súa oferta de acordo aos criterios, nos termos e coas especificacións establecidas no PCAP, así como a achega o plan de seguridade, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Jesus Naray SL con C.I.F. B-27156231 representada por D. María Josefa Rodríguez Paleo con DNI ***0733**, a contratación da obra denominada A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno de data 14/05/2021, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo.

As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificados as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada a mercantil Construcciones Jesús Naray SL:

Prezo de adxudicación de 1.977.569,00 €, dos cales 179.779,00€ corresponden ao IVE (10%).

Redución do prazo de execución de 3 meses sobre o previsto no proxecto, e dicir executar as obras no prazo de 15 meses.

Un incremento do plan de control de calidade por importe de 18.000,00€ (IVE incluído).

Elaboración dun modelo BIM, nos termos indicados no PCAP e na oferta.

Mantemento do modelo BIM, nos termos indicados no PCAP e na oferta.

Sistema de seguimento a través de imaxes, nos termos indicados no PCAP e na oferta.

Cumprimento dos termos ofertados en relación coa cualificación, experiencia e dedicación a pe de obra do persoal a cargo do desenvolvemento da mesma recollida no PCAP.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o cumprimento da súa oferta de acordo aos criterios, nos termos e coas especificacións establecidas no PCAP, así como a achega o plan de seguridade, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

6º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Benestar para que unha vez se dispoña das habilitacións necesarias para o inicio das obras e estas se verifiquen, se comunique ao Servizo de Contratación, momento a partir do cal se procederá á notificar ao adxudicatario a data para formalizar o contrato administrativo.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.

Escrito do Concello de Portomarín, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 245 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. (PUC/21).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Portomarín, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (245) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Portomarín presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PORTOMARÍN	245	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A REBORDONDO, VILARBASÍN, SOENGAS, CASAS, VILAPROI E VEDRO, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	16.835,21€

Por escrito de data 30/09/2021, e posterior aclaración, o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PORTOMARÍN	REM	FORMIGONADO DE CAMIÑOS EN SOENGAS E NARÓN	1531.76201	0,19€	16.835,21€	16.835,40€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Portomarín, no Plan Único 2021.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Portomarín e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PORTOMARÍN	REM	FORMIGONADO DE CAMIÑOS EN SOENGAS E NARÓN	1531.76201	0,19€	16.835,21€	16.835,40€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN (RECURSO 218/2021) FRONTE AOS PREGOS REITORES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 2021/CON_02/000067, RELATIVO AO SERVIZO DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A EXCEPCIÓN DAS DEPENDENTES DO PARQUE MÓBIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Emítase informe solicitado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia en relación co Recurso nº: 218/2021 con atención ós seguintes:

Antecedentes de feito:

Primero.- O día 24 de setembro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou a contratación do Servizo, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reitores da contratación, así como o procedemento de adxudicación e o gasto, o anuncio de licitación publicouse o 28 de setembro de 2021.

Segundo.- O día 08 de outubro de 2021, Polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, TACGAL, comunicouse a esta Deputación de Lugo a interposición de recurso especial en materia de contratación nº 218/2021, polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable:

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.



A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno local que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente.

O presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Consideracións

A) Dende o punto de vista formal:

Consta a lexitimación da recorrente ó abeiro do artigo 48 como entidade representativa que poida ter entre os seus fins a defensa dos intereses profesionais dos seus membros.

Compre asimesmo facer constar formulou o recurso en prazo.

B) Respecto do fondo.

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as alegacións do recorrente, que se centran no carácter intelectual dos servicios obxecto do contrato, entendemos que procede a desestimación do recurso polos seguintes razoamentos:

1.- Pola propia natureza das tarefas de coordinación en canto non implican creación algunha ou actividade intelectual no sentido establecido na norma, senón control ordenado de aspectos moi determinados da execución dun contrato de obras segundo o prescrito nos artigos 9 13 e 14 do decreto 1627/1997 polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, tal e como se pode apreciar, con carácter xeral, se trata de tarefas de carácter repetitivo e verificación de aspectos preestablecidos na norma sectorial, respecto de documentos técnicos previamente elaborados e por tanto preexistentes.

2.- Entendemos que procede igualmente a desestimación, non acollendo a argumentación do recorrente, pola inadecuación da resolución citada no recurso, ó expediente obxecto de

impugnación o versar dita resolución Tribunal Administrativo Foral de Recursos Contractuais de Biscaia sobre a redacción ex novo dun proxecto de obra, e dicir apreciando o carácter intelectual da redacción por canto define e contén o deseño documentación e cálculos referentes a unha construción ou operacións construtivas antes de ser realizada.

Dita resolución invocada, non establece como argumenta de xeito extensivo o recorrente, que tódolos traballos realizados por enxeñeiros ou arquitectos teñan natureza intelectual, e moito menos que as tarefas de coordinación teñan tal natureza senón que se pronuncia en exclusiva respecto dun recurso que afecta á redacción dun proxecto.

Compre recordar asimesmo que dita doutrina, resulta distinta de aquela outra dictada polos tribunais cando sinalan que non toda actividade do campo da enxeñería ou da arquitectura ten carácter intelectual, entre elas, compre recordar Audiencia Nacional SAN 2708/2019 25 de xullo de 2019, confirmado o criterio do TACRC na súa resolución 544/2018:

“No puede concluirse como se pretende por la parte actora que los servicios de ingeniería, arquitectura y consultoría de cualquier tipo son siempre prestaciones de carácter intelectual (pág. 16 de la demanda in fine) y así lo ha señalado el Tribunal Supremo por ejemplo en la citada sentencia de 26 de abril de 2017 indicando que "la afirmación de la sentencia recurrida de que "un proyecto, máxime de esa envergadura, está dotado per se de una creatividad, creatividad que cumple lo dispuesto en los artes. 5.1 y 10 [TRLPI "no se correcta. Ni todo proyecto arquitectónico está dotado per se de creatividad, ni el hecho de que el edificio sea de mayor o menor tamaño, o esté destinado en hotel, presupone esa creatividad. No todo proyecto arquitectónico ni toda edificación es una obra original, protegida por la propiedad intelectual."

Incluso se ten resolto polo TACP de Madrid na súa resolución 333/2018, 17 de outubro de 2018 que se podería licitar a prestación con un único criterio:

“También se incluyen las funciones de asesoramiento en relación con las medidas necesarias para hacer efectiva la normativa vigente de prevención de riesgos laborales y todas las prestaciones que sean exigibles sobre Seguridad y Salud de acuerdo con la citada normativa. Esto no obstante a juicio de este Tribunal la citada labor de asesoramiento, en este caso concreto, no tiene entidad suficiente como para considerar que esta prestación es incompatible con su licitación con un único criterio.”



3.- Finalmente procedería desestimar o recurso dacordo coa doutrina dos tribunais administrativos en múltiples pronunciamentos, que afectan a supostos de feito similares ou incluso idénticos, citándose os seguintes, que avalan a plena legalidade do procedemento licitado por esta Deputación:

Por exemplo, as resolucións, 1111/2018, 1141/2018, e 544/2018 do TACRC, con cita da 964/2017:

“Y, en nuestro caso, entendemos que la prestación compleja objeto del contrato, tal y como se describe en nuestros antecedentes (Dirección técnica de los proyectos, asistencia técnica y control y vigilancia, incluyendo dirección de obras, coordinación de seguridad y salud, vigilancia de obras, etc), constituye la coordinación de un conjunto de proyectos constructivos dentro del proyecto principal; y, por tanto, trata de coadyuvar a la correcta ejecución de un proyecto no diseñado por el propio contratista. En tal caso, si bien no pueden negarse los aspectos intelectuales de la prestación, no predomina su carácter innovativo u original.”

Destaca a 1036 /2019 do TACRC, por canto se refire ó mesmo obxecto contractual confirmado o correcto proceder da Deputación de Lugo no expediente obxecto de impugnación:

“Según la mención primera del PCAP y la cláusula del PPT, el objeto del contrato lo constituye “la coordinación en materia de seguridad y salud en las actuaciones de mantenimiento y reparación de los equipos e instalaciones de la Dirección General de Tráfico gestionados por los Centros de Gestión de Tráfico y el Centro de Tratamiento de Denuncias Automatizadas, así como los trabajos que se realizan en las carreteras para la gestión del tráfico y la seguridad vial”. Sigue señalando el PPT que “Entre las tareas a realizar se incluirán así mismo la redacción de Estudios y Estudios Básicos de Seguridad y Salud, la elaboración de informes sobre Planes de Seguridad y Salud aportados por las empresas adjudicatarias de los contratos que gestiona en los que son requeridos los mismos y la Coordinación en materia de Seguridad y Salud en los expedientes de contratación que así lo requieran. También se incluyen las funciones de asesoramiento en relación con las medidas necesarias para hacer efectiva la normativa vigente de prevención de riesgos laborales en los trabajos desarrollados por el personal propio de la Dirección General de Tráfico en el mantenimiento y explotación de las instalaciones y todas las demás prestaciones que sean exigibles sobre Seguridad y Salud de acuerdo con la citada normativa”.

“La descripción de los servicios requeridos, que se realiza en la cláusula segunda del PPT, guarda coherencia con la descripción del objeto del contrato, y se resumen por el documento de la siguiente manera: - Trabajos de mantenimiento y reparación de los equipos e instalaciones de la Dirección General de Tráfico gestionados por los Centros de Gestión de Tráfico y el Centro de Tratamiento de Denuncias Automatizadas. - Medidas de regulación del tráfico. - Trabajos de asesoría y asistencia técnica. Acto seguido, después de enumerar los trabajos de cada lote, como propios de coordinación de Seguridad y Salud durante la ejecución de los trabajos, y que son recogidos literalmente en el recurso, señala la cláusula segunda del PPT que “La enumeración siguiente es meramente orientativa, significando que, cualquier otro contrato podrá considerarse incluido en el presente contrato, siempre que esté afectado al global objeto de este contrato. 2.1. Servicios, obras y suministros para la conservación, adecuación y explotación de las instalaciones ITS de DGT en las carreteras controladas y gestionadas desde los Centros de Gestión de la Dirección General de Tráfico. 2.2. Servicios, obras y suministros para la conservación, adecuación y explotación de la red de comunicaciones de fibra óptica de los sistemas ITS de la Dirección General de Tráfico. 2.3. Servicio para la elaboración de estudios e informes técnicos relativos a la circulación, seguridad vial y la gestión de la información de los Centros de Gestión del Tráfico. 2.4. Adopción de medidas especiales de circulación en las carreteras. 2.5. Mantenimiento de los cinemómetros y cabinas verticales”. De la lectura de las cláusulas anteriores, así como de las recogidas en el recurso, resulta con claridad que el objeto del contrato no contempla en ningún caso la elaboración o redacción de proyectos que pertenezcan al ámbito de la ingeniería y hayan de ser protegidos por la propiedad intelectual. Es evidente que el resultado de la ejecución del contrato no supone en ningún caso una innovación, ni ha de ser original o fruto estricto de la creatividad. Pues, aunque la actividad intelectual es ciertamente necesaria, esta no va encaminada a la producción de un producto del intelecto que sea nuevo, original o no exista con anterioridad, sino que el empleo del intelecto se limita a la procurar la asistencia técnica a la Administración contratante en todas aquellas formas que esta asistencia pueda revestir: elaboración de informes, estudios, asesoramiento, consultas o coordinación. Por consiguiente, el recurso debe ser desestimado, pues los criterios de adjudicación fijados por el Pliego son ajustados a Derecho, no habiéndose infringido lo exigido por el artículo 145.4 de la LCSP.”

En idéntico sentido a resolución 1/2020 do TARCJA de Andalucía cando sinala:



“En este sentido, tanto el análisis y revisión de los estudios de seguridad y salud, como la emisión de las modificaciones necesarias y su revisión para su posterior aprobación, son prestaciones que tienen el objetivo de coadyuvar a la correcta ejecución de los estudios de seguridad y salud no diseñados por el propio contratista, en el que hay aspectos intelectuales, pero en estos no predomina el carácter de producción original en los términos entendidos por la jurisprudencia, no debiendo confundirse creación intelectual, que es objeto de protección, con mera actividad intelectual.”

Continuando na pacífica interpretación respecto do carácter non intelectual dos servizos de coordinación de seguridade e saúde, e avalando a correcta configuración do prego publicado pola Deputación de Lugo no expediente obxecto de recurso, compre mencionar a recente resolución 273/2021 do TACP de Madrid que sinala:

“De acuerdo con lo expuesto anteriormente las prestaciones objeto de este contrato no tienen el carácter intelectual que predica la LCSP, ni siquiera la redacción del estudio básico o estudios básicos de seguridad y salud que forma parte del proyecto, como bien dice el órgano de contratación realizado por otro Técnico, y que establece una previsión de los procedimientos, equipos y medios auxiliares a emplear en la obra, exponiendo los riesgos laborales previstos y las medidas a adoptar para evitarlos y/o reducirlos, así como los servicios sanitarios a disponer en la obra de conformidad con el Real Decreto 1627/1997 por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras.

Además, como señala la jurisprudencia, los profesionales que intervienen suelen limitarse a dar cumplimiento a exigencias técnicas y normativas que hacen descartar el carácter intelectual de las prestaciones, circunstancia que también se constata en el PPT al describir los trabajos, como son las labores de coordinación de acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 1627/1997 o en la Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales.”

Considerando o anterior, entendemos que se ten configurado o procedemento 2021CON_02/000067, con pleno axuste a dereito, e de conformidade coas interpretacións realizadas tanto pola xurisprudencia, como por diferentes tribunais administrativos en análise de obxectos contractuais similares e idénticos ó que ocupa o recurso, polo tanto, os servizos a contratar non teñen carácter intelectual nos termos e coas consecuencias sinaladas na LCSP, resultando os criterios de selección establecidos acordes co artigo 145 da lei de contratos.

Sendo este o único motivo de impugnación, proponse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.- Que procedería a desestimación do recurso ó entender que dacordo coas consideracións xurídicas manifestadas non procede a anulación nin modificación dos pregos no sentido da impugnación do recorrente.

2º.- Que procede asimesmo dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TACGAL, xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do concello. Anualidades 2021 e 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do concello. Anualidades 2021 e 2022.



Visto o escrito remitido dende o Concello de Barreiros (EXP 2021/PES_03/018457) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do concello, por importe total de 26.315,78 € € (dos que os 25.000,00 € serán a cargo da Deputación de Lugo -12.500,00 no ano 2021 e 12.500,00 no ano 2022- e 1.315,78 € serían a cargo do concello de Barreiros – 657,89 € no ano 2021 e 657,89 € no ano 2022), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emétese o presente informe FAVORABLE en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas

Lexislación de réxime local

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolto económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A

Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa

formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito

público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.



O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida



como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Pola súa banda, o Municipio de Barreiros, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) d) (..) e outros equipamentos da súa titularidade.(...)”.

Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto

(letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 12.500,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

12.500,00 € irán con cargo ao orzamento da anualidade 2022, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2021, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”



Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello, anualidades 2021 e 2022, por importe de 26.315,78 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200

12.500,00 € con cargo ao vixente orzamento xeral do 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento do ano 2022 a cantidade de 12.500,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de tres inmobles. Anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de O Valadouro (EXP 2021/PES_03/014868) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de tres inmobles, por importe total de 65.000,00 € (dos que os 65.000,00 € serán a cargo da Deputación de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o presente informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As



subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.



Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997,

conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Pola súa banda, o Municipio de O Valadouro, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. (...) g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade”.

Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos



que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 65.000,00€, nas aplicacións orzamentarias 9420.76200 no vixente orzamento xeral.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2021, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de tres inmobles, anualidade 2021, por importe de 65.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 65.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo co obxecto de colaborar no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins común de Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”, consta no expediente :

Solicitude do Concello de Ribadeo con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/015601 que inclúe ademais:

Memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de Ribadeo.



Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

Memoria de impacto económico.

Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas pintor Fierros e Daniel Cortezón”, por importe total de 410.000,00€, dos que 340.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 70.000,00 € a cargo do Concello de Ribadeo.

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 200.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, e asumir o compromiso de incluír 140.000,00 € con cargo ao Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza coa finalidade común de colaborar no funcionamento do centro deportivo e piscina climatizada da Pastoriza. Anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza para a execución dos fins común de Funcionamento do centro deportivo e piscina climatizada da Pastoriza. Anualidade 2021, consta no expediente :

Solicitude do Concello da Pastoriza con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/016068 que inclúe ademais:

Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación.

Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello da Pastoriza.

Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

Memoria de impacto económico.

Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.



Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes no funcionamento do centro deportivo e piscina climatizada en A Pastoriza, anualidade 2021, cun orzamento total de 408.254,48 €, que consta no expediente.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 75.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 3410.46200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL) para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “CEL Superación - 2021” na anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación consistente en “CEL Superación- 2021” polo importe de 89.000 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro do Anexo I, sobre liñas de actuación específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2021, na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do PES (2020 -2022), aprobado por resolución de Presidencia, do 2 de abril de 2020 e actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021 para o ano 2021, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2021, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o



Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “CEL Superación- 2021”. Esta actuación consiste no financiamento de gastos de persoal, gastos correntes e demais gastos da execución das tres liñas de acción nas que se materializa a actuación: Gabinete axudas de recuperación, Web de datos estatísticos Lugo 2021 e o Programa de formación empresarial post Covid -19.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte Acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 89.000€, a favor da Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL), para sufragar os gastos derivados da actuación “CEL Superación – 2021” na anualidade 2021, subvención incluída na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobado o gasto polo importe total de 89.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48900 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 a favor da Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL), para sufragar os gastos derivados da actuación “CEL Superación– 2021” na anualidade 2021.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE ENTREGA DA CONTA XUSTIFICATIVA DOS ESTABLECEMENTOS DO PROGRAMA BONO IMPULSO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Co obxecto de frear a crise económica ocasionada pola Pandemia Covid 19, que esta xerando graves estragos na economía, e arrastra a millóns de empresas o peche aumentando de forma considerable as cifras de desemprego no territorio apróbanse na Xunta de goberno de data 30 de abril de 2021 as bases que regulan a convocatoria sendo publicadas no BOP N° 098 de data 3 de maio de 2021.

Co obxecto de fomentar o consumo entre os establecementos locais minoristas e de hostalaría ampliouse o prazo para a solicitude dos bono por parte do cidadáns ata o 15 de setembro de 2021. Esta ampliación supuxo un movemento nos prazos, entre eles o relativo a presentar a conta xustificativa por parte dos establecementos adheridos establecida do 1 o 15 de outubro de 2021, sendo aprobado por decreto de presidencia de data 19 de xullo de 2021 ratificado pola Xunta de Goberno de data 23 de xullo de 2021.

Debido a coincidencia temporal das festas patronais na capital de Lugo (San Froilán) no período de xustificación do programa por parte dos establecementos adheridos , debido a alta incidencia de establecementos adheridos ubicados na cidade, así como a multitude de xente que se agolpa na mesma, co traballo e a xeración de consumo que implica tanto para a hostalaría como para o comercio miúdo, considerase necesario ampliar o prazo de xustificación, durante 5 días hábiles mais a contar dende a finalización do prazo ,sendo a data límite o 22 de outubro de 2021, en aras a continuar co obxectivo final do programa que non é mais que aumentar o consumo , xa que se pretende aproveitar estes días de movemento e dar un marxe para presentar a conta xustificativa, xa que esta ampliación non supón prexuízo algún para os establecementos participantes.

Polo anteriormente exposto formulase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:



1º.- A modificación das seguintes bases do programa:

2º.- Que se aprobe a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo e na Base Nacional de Subvencións.

Base 10

Onde dí:

“(…)

O prazo máximo para presentar a conta xustificativa será dende o 1 ata o 15 de outubro de 2021.e habilitarase un proceso especial para os outorgados mediante sorteo habilitándose 15 días hábiles dende o día seguinte á finalización do prazo de consumo outorgado.”

Debe dicir:

“(…)

O prazo máximo para presentar a conta xustificativa será o 22 de outubro de 2021.

Base 13

Onde dí:

“(…)

4) O prazo para a xustificación por parte dos establecementos adheridos será dende o 1 ata o 15 de outubro de 2021.

Debe dicir:

“(…)

4) O prazo para a xustificación por parte dos establecementos adheridos será o 22 de outubro de 2021.”

Onde dí:

“(…) A continuación, os establecementos onde se realizaron estes gastos dispoñen ata 15 días hábiles dende o día seguinte á finalización do prazo de consumo, para entregar a xustificación do bono nas mesmas condicións que se detallan na base 10.

Debe dicir:

“(…) A continuación, os establecementos onde se realizaron estes gastos dispoñen ata o 22 de outubro de 2021, para entregar a xustificación do bono nas mesmas condicións que se detallan na base 10.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE CULTURA DO CONCELLO DE CASTROVERDE INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2021, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2021, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe unha achega económica de 19.520€ para o programa de cultura do Concello de Castroverde denominado “Libro Oficial sobre o Concello de Castroverde”.

Logo de ver o escrito do Concello de Castroverde, expediente 2021/PES_03/018001, no que solicita a modificación do programa de cultura incluído no Plan Único de 2021, de xeito que se substitúa “Libro Oficial sobre o Concello de Castroverde” por “Cabalgata, Entroido, Día Internacional da Muller, Concurso fotografías, Concurso Micro relatos, Certame de Poesía, Festas do Santiago Apóstolo, Distincións Honoríficas, Magosto Popular”. O novo programa de cultura do Concello de Castroverde suma un importe total de 19,957,12€ e o concello achega 437,12€ de fondos propios, segundo o seguinte esquema e financiamento:



CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
CASTROVERDE	19.520,00	437,12	19.957,12	CABALGATA; ENTROIDO; DÍA INTERNACIONAL DA MULLER; CONCURSO FOTOGRAFÍAS; CONCURSO MICRORRELATOS; CERTAME DE POESÍA; FESTAS DO SANTIAGO APÓSTOLO; DISTINCIÓNS HONORÍFICAS; MAGOSTO POPULAR

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á modificación/substitución do programa de cultura, tendo en conta que coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 19.520,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021.

Logo de ver o informe favorable do Servizo de Intervención.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o cambio proposto polo Concello de Castroverde, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021, procedendo a modificación do programa de cultura de xeito que se substitúa “Libro Oficial sobre o Concello de Castroverde” por “Cabalgata, Entroido, Día Internacional da Muller, Concurso fotografías, Concurso Micro relatos, Certame de Poesía, Festas do Santiago Apóstolo, Distincións Honoríficas, Magosto Popular”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 18 de decembro de 2020, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2020, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP N.º 203, da data 4 de setembro de 2020

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

1.- Na Xunta de Goberno do día 28 de agosto de 2020, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude e xustificación que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 4 de setembro de 2020 a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 203, pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOPdo extracto da convocatoria.

3.- Con data 18 de decembro de 2020, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 31 de decembro de 2020, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 300, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020.



5.- O punto 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a actuación e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2021.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A faltade presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente. Na declaración de perda de dereito(...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo, a Presidencia desta Deputación resolveu, con data 23 de xuño de 2021, requirir á Asociación Veciñal Centro Cultural O Miño, para que no prazo improrrogable de 10 días, presenten a documentación requerida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente

8.- Con data 24 de xuño de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada

9.- Con data 05 de xullo de 2021 a Asociación Veciñal Centro Cultural O Miño, presenta na Sede Electrónica da Excm. Deputación de Lugo, contestación ao requerimento, axustándose ao prazo concedido. Con todo, a documentación achegada non resolve as deficiencias atopadas polo Servizo de Cultura na súa revisión, polo que a Presidencia desta Excm. Deputación de Lugo, resolveu, con data 03 de agosto de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo, no ano 2020, aprobadas pola Xunta de Goberno de 28 de agosto de 2020, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 06 de setembro de 2021, enviábase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da

Presidencia dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa lles foron requeridos no seu momento.

11.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, a Asociación Veciñal Centro Cultural O Miño non presenta, ante este organismo, ningún documento dos requeridos.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 203 de 4 de setembro de 2020, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, e despois de transcorrer o prazo de Audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación algunha.



EXPEDIENTE	ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE
2020RT006778	ASOC. VECIÑAL CENTRO CULTURAL O MIÑO	VIAXE CULTURAL	708,00€

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DO GASTO PARA A CELEBRACIÓN DO MERCADO DE NADAL 2021 DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe da Responsable Coordinadora II do Centro de Artesanía e Deseño , o cal di:

A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación en sesión ordinaria celebrada o día trinta de abril de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar o gasto de 19.500,00 € para a celebración do Mercado de Nadal 2021.

Como consecuencia dunha alteración na previsión inicial do custe da instalación eléctrica que se precisa para o desenvolvemento de dito Mercado de Nadal 2021 prodúcese un incremento por importe de 500,00 € do gasto aprobado (19.500,00 €) en dita sesión ordinaria da Xunta de Goberno.

Polo anteriormente exposto considero procedente a ampliación por importe de 500,00 € do gasto aprobado (19.500,00 €) en sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día trinta de

abril de dous mil vinte e un, para o desenvolvemento do Mercado de Nadal 2021, como consecuencia da necesaria instalación eléctrica que se precisa para levar a cabo dito mercado.

Polo cal, propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobación da ampliación por importe de 500,00 € do gasto aprobado (19.500,00 €) en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o día trinta de abril de dous mil vinte e un, para a celebración do Mercado de Nadal 2021, como consecuencia dunha alteración na previsión inicial do custe da instalación eléctrica que se precisa para desenvolver dito mercado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2020/2021.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das Bolsas de Estudos para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao curso académico 2020-2021, de conformidade co artigo 56 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 53 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión



celebrada o 18 de setembro do 2015; propónse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta de Goberno acordará o que considere máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DAS AXUDAS POR GASTOS DE GARDERÍA DOS FILLOS OU ORFOS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2020 AO 31 DE AGOSTO 2021.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período de 1 de setembro de 2020 ao 31 de agosto de 2021, de conformidade co artigo 59 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 56 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; propónse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta de Goberno acordará o que considere máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO ANO 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao ano 2020, de conformidade co artigo 58 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 55 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; propónse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta de Goberno acordará o que considere máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO Nº 164/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:



“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº164/2021 interposto por Generali España, S.A. Seguros e D. José García Morán fronte á resolución da Deputación de data 29 de marzo de 2021 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos sufridos cando “circulaba el vehículo asegurado por mi representada, y conducido por D. José García Morán, correctamente por la carretera LU-P-1611, cuando a la altura del punto kilométrico 70,85, cuando se vió sorprendido por la caída de un árbol no pudiendo evitar la colisión”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.